



## COMUNICADO DE CONVIVENCIA E RESPECTO

O III Rallysprint Concello de Silleda debe ser un espazo de convivencia, compañeirismo e respecto entre todas as persoas que forman parte da proba: participantes, equipos, oficiais, Federación, voluntariado e organización.

En vista do acontecido en edicións anteriores, **non se permitirá ningunha falta de respecto, ameaza, ou subida de ton por parte de participantes e/ou membros dos equipos cara a oficiais, membros da organización ou Federación, nin tampouco en sentido contrario. De producirse algún comportamento deste tipo, aplicarase a correspondente sanción segundo o regulamento vixente.**

Somos os primeiros en recoñecer que cometemos erros e que calquera actuación pode ser debatida, pero sempre dende a educación, o respecto e o entendemento entre todas as partes.

Todos somos necesarios para sacar unha carreira adiante —pilotos, copilotos, equipos, organización, Federación, oficiais e voluntariado—, polo que agardamos desfrutar dunha boa fin de semana de automobilismo e que, ao rematar a proba, nos quede a todos un bo sabor de boca e ganas de seguir disfrutando deste deporte que tanto nos apaixona.

Un saúdo!

**O Comité Organizador**

**III Rallysprint Concello de Silleda**



ESCUADERIA SILLEDADA